

ANUNCIO


PROBAS SELECTIVAS PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE OPOSICIÓN E EN QUENDA LIBRE, DE 3 PRAZAS DE DELINEANTES VACANTES NO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO. CORRECCIÓN DO SEGUNDO.

Reunido o tribunal o día 28 de maio de 2014 procedeu á corrección do terceiro exercicio co seguinte resultado:

BARGUEIRAS VÁZQUEZ, CARLOS	6,5
LÓPEZ FERNÁNDEZ, MARCOS	7,5
SÁNCHEZ VALIÑO, IVÁN	8,5

Tendo en conta que as bases específicas que establecen no punto 6º letra B) "*Coñecemento da lingua galega. Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que aterse ao disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre*". Esta base décimo cuarta letra C di que "*Coñecemento da lingua galega. A proba de coñecemento do idioma galego unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento de galego ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 4. O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Os que non o superen terán dous anos para facer os cursos de perfeccionamento de galego ou o Celga 4. De non facelos, non poderán participar en ningún proceso de promoción ou provisión de postos que se convoquen.*"

Polo tanto e visto todo o anterior, o tribunal acorda requiririlles a todas as persoas opositoras que presenten o título de perfeccionamento de galego ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 4 compulsado e presentado no Rexistro do Concello, dirixido ao Servizo de Persoal do Concello, no prazo de 5 días hábiles dende a publicación do anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello.



O Secretario do Tribunal
José Antonio Carro Asorey
28 de maio de 2014